



CONSELLO DA
CULTURA GALEGA
OBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

Web

consellodacultura.org

Twitter:

[@consellocultura](https://twitter.com/consellocultura)

Facebook:

facebook.com/consellocultura

Correo:

medios@consellodacultura.org

Telf:

+34 981 95 72 02

10/06/2014

Cultura e novas tecnoloxías

O seguinte informe analiza dous aspectos fundamentais relacionados coa denominada sociedade da información e tamén coa irrupción de Internet na sociedade actual.

Por unha banda, e tendo como referente a *Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los Hogares* elaborada anualmente polo Instituto Nacional de Estadística, analízase a implicación dos fogares galegos nas novas tecnoloxías da información e a comunicación, así como a evolución e desenvolvemento destas dende a súa introdución na vida cotiá dos galegos. O estudo pretende coñecer, sobre todo, o uso dos produtos TIC, dende a televisión, telefonía, equipamentos informáticos, ata os hábitos máis frecuentes do uso de internet e do comercio electrónico entre outros, amosando nalgúns casos unha análise comparativa co resto do Estado.

Por outra, e a través da enquisa realizada pola Asociación para a Investigación de Medios de Comunicación (AIMC), afóndase nas novas relacións xurdidas entre os internautas galegos e a rede. Precisamente a irrupción de internet na sociedade actual supuxo o derrube de moitas fronteiras e abre infinitas posibilidades cara ao futuro. A creación ou acceso aos blogs, o uso das redes sociais ou as páxinas web máis visitadas, entre outros aspectos, son algunhas das cuestións consideradas nesta parte do estudo, procedendo nalgúns casos a comparativas co comportamento doutros usuarios de internet do resto das comunidades autónomas ou do total de España.

Equipamento e uso das tecnoloxías da información e comunicación nos fogares

No que respecta ao uso de ordenadores en Galicia, cómpre salientar que aumenta cada vez máis o uso do ordenador portátil en detrimento do ordenador do sobremesa, tanto en Galicia coma no conxunto de España. O teléfono móbil é tamén un dos dispositivos electrónicos máis usados con apenas variacións entre 2011 e 2013 no conxunto de España (95%). En Galicia experimentase un incremento de 3 puntos porcentuais entre 2011 e 2013. O uso da radio supera o 80% en Galicia, mentres que no conxunto de España acada o 76,7% da poboación. Practicamente a totalidade dos fogares con polo menos un membro de 16 a 74 anos en España dispoñía de televisión en 2013. Esta porcentaxe é lixeiramente superior (0,3 puntos máis) en Galicia. O 14,7% da poboación no conxunto de España e o 9,7% en Galicia dispoñen de libro electrónico. A comunidade autónoma na que máis se usa o libro electrónico é a Comunidade de Madrid (25,5%) e Galicia ocupa o décimo sexto lugar.

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA**Equipamiento de productos TIC nas viviendas principais por tipo de equipamiento**

	2011	2011	2012	2012	2013	2013
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Televisión	99,6	99,8	99,4	99,5	99,4	99,7
Ordenador de sobremesa	47,8	42,9	46,6	42,5	45,1	42,6
Ordenador portátil con teclado físico (incluídos netbooks)	47,9	44,9	53,5	48,3	54,3	51,2
Tablet (ordenador portátil sen teclado físico)	-	-	-	-	16,3	15,6
Outro tipo de ordenador (axenda electrónica ou similar, PDA, etc.)	6,1	4,1	5,7	5,0	3,9	3,0
Teléfono fixo	80,1	79,3	79,2	78,2	77,9	79,1
Teléfono móbil	94,7	92,0	95,6	94,6	96,1	95,0
Cadea musical ou equipo de alta fidelidade	60,4	54,7	58,0	53,2	55,4	52,5
Radio	82,0	82,9	79,7	81,5	76,7	80,2
MP3 ou MP4	47,0	45,3	45,7	44,2	43,5	40,2
Vídeo	47,0	45,5	42,6	44,0	39,8	42,3
DVD	77,2	70,5	73,5	68,5	70,3	65,7
Lector de libros electrónicos (e-book)	-	-	-	-	14,4	9,7
Fax	5,5	6,4	5,3	4,8	-	-

Fonte: INE. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los hogares

O uso das TIC presenta unha evolución igualmente interesante. Obsérvase que tanto o uso do ordenador coma de internet medra no conxunto de España e de Galicia. Tamén aumenta o uso do comercio electrónico. Na seguinte táboa pódense observar os datos dos usos das TIC en Galicia e en España.

Persoas por tipo de uso das TIC nos en España e en Galicia


	2011		2012		2013	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Utilizaron o ordenador nos últimos 3 meses	68,7	61,5	72,0	66,1	72,1	66,7
Utilizaron Internet nos últimos 3 meses	66,5	58	69,5	63,5	71,6	65,6
Compraron a través de Internet nos últimos 3 meses	18,6	17,4	21,7	21,3	22,9	21,3

Fonte: INE. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los hogares

O 68,4% dos fogares galegos dispoñen dalgún tipo de ordenador, cinco puntos porcentuais menos que no conxunto de España. A conexión a Internet dos fogares tamén é algo inferior ao do conxunto do Estado, pero cunha evolución moi positiva.



Porcentaxe de vivendas con acceso a Internet



Fonte: INE. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los hogares

O uso do ordenador e Internet está moi influído pola idade das persoas. O 92,5%, do tramo de poboación que vai dos 15 aos 24 anos utiliza estes servizos fronte ao 6,6% do grupo dos maiores de 65 anos.

O tipo de conexión a internet amosa certas diferenzas entre Galicia e o conxunto de España. As conexión de banda larga mediante fibra óptica teñen una maior incidencia en Galicia e menor en ADSL. Tamén resulta interesante observar que son máis as persoas en Galicia que se conecten mediante dispositivo móbil que en España.

Uso de Internet en los últimos 3 meses por tipos de dispositivos móviles utilizados para acceder

	2013 España	2013 Galicia
Vivendas con conexión de banda larga	99,8	99,5
Conexión de banda larga por ADSL	70,9	58,7
Conexión de banda larga por rede de cable ou fibra óptica	18,9	24,7
Outras conexións fixas de banda larga (vía satélite, WiFi público ou WiMax)	7,3	6,1
Conexión móbil de banda larga a través dun dispositivo de man (teléfono móbil de últimas xeracións - polo menos 3G-, iPod,...)	47,2	55,2
Conexión móbil de banda larga vía modem USB ou tarxeta (en portátiles, p.ex.)	8,6	9,5
Vivendas con conexión de banda estreita	2,7	4,5
Conexión de banda estreita por chamada telefónica a través da súa liña de teléfono convencional (módem) ou RDSI	1,2	0,7
Conexión móbil de banda estreita (outros teléfonos móbiles - GPRS-)	1,7	3,8

Fonte: INE. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los hogares



En España utilizaron internet case 25 millóns de persoas de entre 16 e 74 anos no ano 2013. Esta cifra supón un incremento de máis de 1,6 millóns de usuarios en dous anos. No tocante a Galicia, o número de usuarios de internet tamén se incrementou aínda que de forma máis moderada. No ano 2013 o número de usuarios achegábase a 1,4 millóns de persoas.

De acordo cos datos que se expoñen na seguinte táboa, o uso máis común de internet é o correo electrónico, aínda que en 2013 o seu uso caeu con respecto a anos anteriores. A seguinte función de internet máis usada é a de ler ou descargar noticias, xornais e revistas de actualidade on-line. Esta función veuse incrementada en 8 puntos porcentuais no conxunto de España no ano 2012, aínda que en 2013 descendeu a porcentaxe. Con respecto a Galicia, a porcentaxe de persoas que utilizan internet para ler noticias supera en 8 puntos ao conxunto de España (78,7%).

Servizos máis usados en Internet

	2011		2012		2013	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Servizos de comunicación e acceso á información: recibir ou enviar correo electrónico	88,1	87,7	88,5	85,6	86,6	85,0
Servizos de comunicación e acceso á información: participar en redes sociais	52,3	53,3	64,1	65,0
Servizos de comunicación e acceso á información: leer ou descargar noticias, periódicos ou revistas de actualidade on line	67,2	75,0	75,8	80,9	70,2	78,7
Servizos relacionados co aprendizaxe: consultar wikis (como Wikipedia) ou enciclopedias on line para obter coñecementos sobre calquera tema	57,7	66,2	62,1	67,2
Servizos relacionados co entretemento e a creatividade: escoitar a radio ou ver TV emitidas por Internet	-	-	50,6	48,7	-	-
Servizos relacionados co entretemento e a creatividade: Xogar ou descargar xogos, imaxes, películas ou música	-	-	49,7	50,5	-	-
Servizos relacionados co entretemento e a creatividade: Colgar contidos propios (texto, fotos, música, vídeos, software, etc) nunha páxina web para ser compartidos	-	-	45,6	48,3	38,2	39,4
Servizos relacionados co entretemento e a creatividade: Crear páxinas web ou blogs	-	-	12,2	13,0	13,1	12,5

Fonte: INE. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los hogares

O uso do comercio electrónico para fins privados no fogar refírese neste informe á compra de produtos culturais (música, películas, libros ou revistas, entradas para espectáculos e material informático e tecnolóxico). O produto que máis se comprou no ano 2013 por medio de internet foi entradas para concertos ou espectáculos tanto en Galicia coma no conxunto de España. Se ben é certo que en Galicia aumentou 1,3 puntos con respecto a 2012, mentres que no conxunto de España diminuíu en 3,1 puntos. Outro dos produtos máis demandados no comercio electrónico son os libros, revistas e xornais electrónicos, chegando ao 21,5% no conxunto de España e ao 31,5% en Galicia. No tocante ao cine e á música, en Galicia aumentou en 2013 en case 13 puntos con respecto a 2012 acadando o 23,3%; porén no conxunto de España mantense máis ou menos estable neste período, chegando ao 12,7% en 2013. A incorporación

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

de consumidores ao comercio electrónico é moi destacada en Galicia, cun aumento do 22,7% entre 2011 e 2013.

Uso de comercio electrónico con fins privados ou para o fogar nos últimos 12 meses por tipo de produto

	2011	2011	2012	2012	2013	2013
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Total de persoas que compraron por internet nos últimos 12 meses	9.349.588	471.916	10.596.769	560.924	11.035.265	579.045
Películas, música	11,0	11,7	11,8	10,8	12,7	23,3
Libros, revistas, periódicos (inclúe libros electrónicos)	18,0	26,3	19,2	22,6	21,1	31,5
Material formativo on line	8,2	9,3	9,5	10,3	9,2	14,3
Equipo informático (ordenadores e accesorios)	14,3	23,6	16,7	17,8	18,7	25,3
Equipamento electrónico (p. ej;x. cámaras fotográficas)	16,9	22,7	16,9	28,0	19,8	28,2
Entradas para espectáculos (cine, teatros, concertos,...)	40,7	37,1	39,7	37,6	36,6	38,9

Fonte: INE. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los hogares

Navegantes na rede

O 76,9% dos internautas galegos acceden a algunha rede social de internet cunha frecuencia diaria, ocupando deste xeito, e en comparativa co resto das comunidades autónomas, o segundo lugar nesta práctica, case seis puntos porcentuais por riba da media estatal e só superados polos estremeños. Na cola sitúanse Asturias (42,9%), País Vasco (62,1%) e Ceuta e Melilla (64%).

Tan só un 8,5% dos internautas non acceden nunca a este tipo de redes. Así se mostra na seguinte táboa:

Respostas en comparativa autonómica a pregunta da enquisa de AIMC 2013: Sen contar o día de hoxe cando foi a última vez que accedeu a unha rede social de Internet?.

	Onte	Últimos 7 días	Últimos 30 días	Último ano	Hai máis tempo / Nunca
Total España	71,0%	11,2%	4,1%	2,4%	7,7%
Andalucía	73,6%	10,3%	4,3%	2,6%	5,9%
Aragón	67,5%	12,5%	4,8%	1,6%	8,9%
Asturias (Principado de)	42,9%	6,5%	2,3%	1,1%	4,9%
Baleares (Illas)	67,7%	10,8%	4,7%	2,2%	8,5%
Canarias (Comunidade de)	69,2%	9,4%	3,9%	2,1%	7,6%
Cantabria	68,1%	10,4%	3,3%	3,9%	9,8%
Castela e León	70,2%	12,7%	5,2%	3,2%	7,8%
Castela-A Mancha	68,5%	14,0%	4,7%	2,1%	10,6%
Cataluña	75,7%	11,6%	3,7%	2,0%	7,1%
Comunidade Valenciana	71,9%	13,1%	4,3%	3,1%	7,6%
Estremadura	77,9%	9,9%	3,2%	1,6%	7,4%
Galicia	76,9%	9,8%	3,1%	1,7%	8,5%
Madrid (Comunidade de)	72,0%	11,7%	4,5%	2,9%	8,8%

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA


Murcia (Rexión de)	75,6%	13,5%	4,1%	1,3%	5,4%
Navarra (Comunidade Foral de)	68,4%	12,3%	9,4%	1,8%	8,2%
País Vasco	62,1%	15,2%	5,6%	3,7%	13,4%
Rioxa (A)	76,4%	8,7%	3,1%	2,4%	8,7%
Ceuta e Melilla	64,0%	12,0%	4,0%	0,0%	16,0%
Ns/Nc	100,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%

Fonte: AIMC. Navegantes en la red

As redes sociais máis utilizadas polos internautas galegos son Facebook, Twiter, Google+/Google plus, LinkedIn, Instagram e Twenti. Segundo estes datos Galicia é, proporcionalmente, a comunidade con máis usuarios de Facebook de todo o Estado, xa que un 83,2% dos internautas galegos están subscritos. O uso desta rede sube por riba do 80% exclusivamente nas comunidades de Murcia, Cataluña, Valencia e A Rioxa.

As redes sociais como instrumento para manter as relacións cos amigos é o motivo fundamental esgrimido polo 72,2% dos navegantes galegos, seguido das relacións familiares (41,9%) e da busca de información sobre a actualidade (39,7%). As causas que moven ao uso das redes obsérvase na seguinte gráfica en comparativa coa media estatal. Como se observa, Galicia sitúase por riba da media estatal nas no relacionado co mantemento das amizades.

Principais usos das redes sociais. Comparativa España Galicia, 2013




Fonte: AIMC. Navegantes en la red

O uso das redes sociais experimenta un ascenso moi importante nos últimos anos, cun incremento do 62% con respecto dos internautas que acceden con frecuencia a este tipo de plataformas en Galicia.

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA


Evolución do porcentaxe de internautas que accederon no día de onte a unha rede social



Fonte: AIMC. Navegantes en la red

O auxe das redes sociais parece que afecta en certa medida a popularidade dos blogs, que semellan ter pasado polo seu momento de máis éxito. Se en 2010 o 8,5% dos internautas dispuñan dun blog que actualizaban con frecuencia, en 2013 esa porcentaxe é de menos do 4,5%.

Internautas que dispoñen de blog e o actualizan con frecuencia



Fonte: AIMC. Navegantes en la red

No tocante á suba de contidos a internet, aumentan considerablemente as achegas de textos por parte dos internautas galegos que superan o 40% en 2013. No total España é significativo o crecemento da suba de fotografías, practicamente estabilizada na comunidade galega.

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA


Nos últimos 30 días, subiu vostede contidos á web a nivel personal

		2009	2010	2011	2012	2013
Galicia	Fotos	32,1%	39,7%	34,7%	35,6%	38,4%
	Vídeos	8,4%	11,3%	10,4%	8,0%	8,5%
	Comentarios, opinións ou outros textos	18,8%	28,9%	37,6%	38,8%	42,4%
	Música	5,8%	6,1%	7,3%	6,5%	8,8%
España	Fotos	32,2%	38,6%	36,6%	37,3%	41,1%
	Vídeos	9,0%	11,7%	12,6%	9,7%	11,1%
	Comentarios, opinións ou outros textos	20,4%	26,3%	39,1%	39,3%	41,2%
	Música	5,7%	6,9%	8,2%	6,8%	9,9%

Fonte: AIMC. Navegantes en la red

Máis do 67% dos internautas galegos acceden a algún tipo de blog mensualmente. Desta porcentaxe o 41% faino con carácter profesional. Na seguinte gráfica amósase a comparativa con total España, con datos similares aos galegos.

Acceso aos blogs. P.:Durante os últimos 30 días accedeu a algún tipo de blog?



Fonte: AIMC. Navegantes en la red

As dez páxinas webs máis visitadas polos internautas galegos son as seguintes e por esta orde.

Páxinas webs máis visitadas polos internautas galegos

www.facebook.com
 www.google.es
 www.lavozdeg Galicia.es
 www.mundo-r.com
 www.marca.com
 www.elpais.com
 www.youtube.com
 www.live.com
 www.twitter.com
 www.farodevigo.es

Fonte: AIMC. Navegantes en la red

**DATOS &
INFORMES**

**CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA**

Como se ve, destes dez sitios web máis visitados, tres son galegos, os correspondentes á Voz de Galicia, a R e ao Faro de Vigo, que ocupan respectivamente o terceiro, cuarto e décimo lugar nas preferencias dos internautas galegos.

Centrando o estudo só nas páxinas galegas, o ranking das nove máis visitadas polos internautas é o seguinte:

Páxinas webs galegas máis visitadas polos internautas galegos

www.lavozdeg Galicia.es
www.mundo-r.com
www.farodevigo.es
www.meteogalicia.es
www.xunta.es
www.elcorreogallego.es
www.novagaliciabanco.es
www.laopinioncoruna.es
www.zara.com

Fonte: AIMC. Navegantes en la red

O grao de predilección dos internautas galegos por páxinas como xunta.es ou meteogalicia.es é superior a páxinas tan populares no resto do Estado como ebay.es ou wikipedia.org. Neste mesmo sentido, chama a atención tamén a destacada preferencia por páxinas como elcorreogallego.es, novagaliciabanco.es, ou laopinioncoruna.es que superan sitios web da popularidade de pinterest.com ou blogger.com.

O 85% dos internautas galegos usa o WhatsApp como o servizo de mensaxería por excelencia, seguido de Facebook messenger/chat.

Servizos de mensaxería máis utilizados en 2013


Servizo de mensaxería	Porcentaxe
WhatsApp	85,6
Facebook Messenger/Facebook chat	54,8
Skype	34,3
Line	30,8
Google Talk / Hangouts	21,9

Fonte: AIMC. Navegantes en la red

Os internautas galegos son cautelosos na protección do equipo co que accede a Internet. Como vemos na gráfica seguinte un 65% ten antivirus no seu ordenador, que actualiza semanalmente e un 12% actualízao cada mes.




P.: Ten instalado algún programa antivirus no equipo dende o que esta facendo a enquisa?



Fonte: AIMC. Navegantes en la red

Non sucede o mesmo cando se trata do teléfono móbil. Tendo en conta só aqueles internautas que usan como equipo de acceso a internet o móbil, un 59 % non utiliza ningún antivirus.

P.: Ten instalado algún programa antivirus no seu teléfono móbil*



Fonte: AIMC. Navegantes en la red

**A base mostral abrangue aqueles usuarios que acceden a internet a través do móbil.*



Conclusións

Case 7 de cada dez fogares galegos dispoñen dalgún tipo de ordenador e o 95% teñen teléfono móbil. Aumento de xeito importante o uso de ordenadores e de internet e nos últimos anos, o consumo a través de comercio electrónico.

O uso dos ordenadores e de internet está moi influído pola idade, que vai dende máis do 90% no caso dos mozos a apenas un 6% nos maiores de 65 anos.

O uso do correo electrónico, a lectura de noticias e, cada vez máis, a participación nas redes sociais, son as actividades favoritas dos galegos en internet.

Galicia é a comunidade autónoma de España na que a proporción de internautas usuarios de Facebook é maior.

Os usuarios que manteñen blogs con actualizacións periódicas descende de forma sensible. En cambio, a achega de textos a internet en xeral aumenta de xeito considerable por parte dos internautas galegos. Tamén se incrementa a suba de fotos e música.

Dos dez sitios web máis visitados polos internautas galegos, tres son de empresas galegas.

O 59% dos internautas galegos que se conectan á rede a través dun móbil non utiliza antivirus.